

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Andrea de apoio a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales (FUNDACIÓN ANDREA) para a mellora da atención socioeducativa do alumnado con enfermidades de longa evolución, crónicas ou terminais

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación Andrea de apoio a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales (FUNDACIÓN ANDREA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata finais do curso académico 2028-2029, isto é o día 31 de agosto de 2029, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Andrea de apoio a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales (FUNDACIÓN ANDREA)



nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por enfermidades de longa evolución, crónicas ou terminais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a FUNDACIÓN ANDREA é unha entidade, constituída en 2006, co obxectivo



fundamental de constituír unha rede de axuda para familias con nenos con enfermidades crónicas ou terminais, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Cubrir os gastos de familias con escasos recursos que deben trasladarse lonxe do seu fogar para a hospitalización dos seus fillos.
- b) Financiar tratamentos, medicación ou material ortoprotésico que non estea cuberto (ou só parcialmente) polo sistema público de saúde.
- c) Transformar salas de espera e plantas de hospitalización en contornas amigables, coloridos e menos traumáticos para os menores.
- d) Equipar hospitais con zonas de xogo e descanso para os nenos e os seus acompañantes.
- e) Proporcionar servizos de fisioterapia, logopedia, psicomotricidade e musicoterapia para mellorar a calidade de vida do neno.
- f) Brindar soporte emocional aos pais e irmáns para afrontar o impacto da enfermidade grave no núcleo familia.
- g) Orientar sobre os recursos sociais e legais dispoñibles para o coidado do menor.
- h) Visibilizar as necesidades deste colectivo a través de eventos, galas e campañas de captación de fondos.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente, por enfermidades de longa evolución, crónicas ou terminais, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non



poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

